



O traballo de campo desenvolveuse na República Dominicana e en Porto Rico

Investigacións do grupo de Ecoloxía e Evolución de Plantas conclúen que nun lustro é posible recuperar zonas boscosas deforestadas

Na cordilleira dos Andes estudan as invasións biolóxicas



O investigador Luis Navarro

Romina Vázquez | Vigo

A busca de técnicas para a recuperación de zonas boscosas deforestadas é a razón que leva ao grupo de Ecoloxía e Evolución de Plantas da Universidade de Vigo a realizar traballos de campo en Porto Rico e na República Dominicana, onde as masas forestais son moi complexas pola variedade de especies existentes e a diversidade de interaccións entre elas. "Esta investigación desenvólvese nos ecosistemas tropicais, pero podería aplicarse facilmente aos montes galegos, que precisan dunha urxente reforestación tras incendios sufridos", tal como apunta Luis Navarro, profesor do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Chan e fundador do grupo.

Unha vez realizados os experimentos precisos, "os resultados apuntan que nun prazo de cinco anos é posible repoboar os bosques talados ou queimados con especies autóctonas. Deste xeito facilítase a aparición da fauna adecuada para formar un ecosistema ben estruturado, con interaccións entre plantas e animais mutualistas", segundo palabras de Luis Navarro.

O obxectivo final deste proxecto, desenvolvido con orzamento dun proxecto da NASA, é evitar a erosión do chan e os correntamentos de terra que se producen nas zonas próximas ao Trópico tralo paso dos frecuentes furacáns que azoutan o

territorio. Máis concretamente, no caso da República Dominicana, "un dos problemas máis graves de deforestación ven provocado pola agricultura de tumba e queima que os campesiños empregan habitualmente", apunta Navarro, que engade "cando usan este sistema en zonas de montaña, a choiva provoca fortes erosións, ríos de lodo e a consecuente morte na poboación". Nalgúns casos as áreas queimadas son colonizadas por fentos, que non permiten o desenvolvemento de sementes doutras especies provocando un empobrecemento do chan.

As conclusións deste proxecto incorporáronse a un manual elaborado polo grupo a petición do goberno da República Dominicana, interesado en formar aos seus propios técnicos en labores de repoboación vexetal.

As invasións biolóxicas na cordilleira dos Andes

Os Andes chilenos é outra das zonas do planeta onde o grupo desenvolve investigacións propiciadas pola recente introdución de animais polinizadores non nativos. Este feito dou pé ao equipo dirixido por Luis Navarro a estudar os efectos das invasións biolóxicas sobre as comunidades de plantas e animais nativos. O obxectivo deste proxecto é "observar cómo se ven afectadas as especies orixinarias da cordilleira andina", tal como el mesmo apunta.

Para este estudo centráronse na análise de cinco tipos de plantas nativas que precisan de polinizadores para a súa reprodución e os resultados obtidos apuntan que nalgúns casos as especies nativas vense afectadas pola ineficacia dos novos animais á hora de transportar o polen.

Un grupo con presenza internacional

O grupo de Ecoloxía e Evolución de Plantas da Universidade de Vigo é un equipo con proxección internacional, tanto pola súa composición, como polo alcance dos seus proxectos. Investigadores españois, chilenos, romaneses, portugueses e cubanos, todos eles integrados na Universidade de Vigo, desenvolven multitude de traballos repartidos por distintas partes do globo terráqueo, como son os Pirineos, o Bierzo ourensán, a conca Mediterránea e as illas Galápagos, Cíes e Cuba, entre outras.

[Seg. >](#)

[\[Atrás \]](#)